

Enquisa de poboación activa. Segundo trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

No segundo trimestre de 2010 a taxa de paro sitúase no 15,6%

Activos

No segundo trimestre de 2010 a poboación galega de 16 ou máis anos é de 2.383.200 persoas, das cales 1.295.400 clasifícanse como activas, o que sitúa a taxa de actividade no 54,4%. Con respecto ao trimestre anterior, o número de activos diminúe en 2.300 persoas e a taxa de actividade acada o mesmo valor.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de activos diminúe en 22.300 persoas e a taxa de actividade baixa 0,8 puntos.

Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Segundo trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

| | Dato do trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|-------------------------------------|--------------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Poboación de 16 ou máis anos | 2.383,2 | -1,7 | -0,1 | -2,9 | -0,1 |
| Activos | 1.295,4 | -2,3 | -0,2 | -22,3 | -1,7 |
| Ocupados | 1.093,7 | -3,4 | -0,3 | -53,7 | -4,7 |
| Parados | 201,8 | 1,2 | 0,6 | 31,4 | 18,4 |
| Inactivos | 1.087,7 | 0,5 | 0,0 | 19,3 | 1,8 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Por sexo, a taxa de actividade masculina diminúe unha décima con respecto ao primeiro trimestre de 2010 e sitúase no 61,6%. Pola súa banda, a taxa de actividade feminina acada de novo o valo do 47,8%.



Poboación activa e taxas de actividade segundo o sexo. Galicia. Segundo trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|---------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Poboación activa | | | | | |
| Total | 1.295,4 | -2,3 | -0,2 | -22,3 | -1,7 |
| Homes | 700,8 | -1,6 | -0,2 | -8,7 | -1,2 |
| Mulleres | 594,7 | -0,6 | -0,1 | -13,5 | -2,2 |
| Taxa de actividade | | | | | |
| Total | 54,4 | 0,0 | - | -0,8 | - |
| Homes | 61,6 | -0,1 | - | -0,6 | - |
| Mulleres | 47,8 | 0,0 | - | -1,0 | - |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Ocupados

A ocupación baixa en 3.400 persoas no trimestre ata situarse nos 1.093.700 ocupados. A taxa de ocupación diminúe 0,1 puntos no segundo trimestre de 2010 con respecto ao trimestre anterior.

Nos últimos doce meses o número de ocupados diminúe en 53.700 persoas o que supón unha redución do 4,7% do número de ocupados nun ano.

Por sexo, neste trimestre prodúcese unha baixada no número de homes ocupados (2.300 menos que no trimestre anterior) e no de mulleres (1.100 menos). Ao permanecer estable a poboación total de 16 ou máis anos, isto tradúcese nun descenso de 0,2 puntos na taxa de ocupación masculina e 0,1 puntos na feminina.

Con respecto ao segundo trimestre do ano 2009, o número de homes ocupados descende en 24.800 persoas e o de mulleres ocupadas en 28.900. En termos relativos, isto supón unha diminución interanual do 4% e do 5,5% respectivamente.

Poboación ocupada e taxas de ocupación segundo o sexo. Galicia. Segundo trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|--------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Poboación ocupada | | | | | |
| Total | 1.093,7 | -3,4 | -0,3 | -53,7 | -4,7 |
| Homes | 597,7 | -2,3 | -0,4 | -24,8 | -4,0 |
| Mulleres | 496,0 | -1,1 | -0,2 | -28,9 | -5,5 |
| Taxa de ocupación | | | | | |
| Total | 45,9 | -0,1 | - | -2,2 | - |
| Homes | 52,5 | -0,2 | - | -2,1 | - |
| Mulleres | 39,8 | -0,1 | - | -2,3 | - |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos sectores de actividade económica (segundo a CNAE2009), o número de ocupados nos servizos diminúe en 4.200 persoas no trimestre, e sitúase en 729.900. Os ocupados na industria aumentan en 1.800 persoas ata os 173.900. A construción perdeu 4.600 traballadores e a agricultura e pesca gañou 3.500.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de ocupados na industria cae un 11,6%, na agricultura e pesca un 6,9%, na construción un 9,6% e nos servizos un 1,8%.

Poboación ocupada segundo sectores de actividade. Galicia. Segundo trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|---------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Total | 1.093,7 | -3,4 | -0,3 | -53,7 | -4,7 |
| Agricultura e pesca | 86,1 | 3,5 | 4,2 | -6,4 | -6,9 |
| Industria | 173,9 | 1,8 | 1,0 | -22,9 | -11,6 |
| Construción | 103,7 | -4,6 | -4,2 | -11,0 | -9,6 |
| Servizos | 729,9 | -4,2 | -0,6 | -13,5 | -1,8 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Asalariados

En Galicia hai 859.200 asalariados no segundo trimestre de 2010, 646.400 con contrato indefinido e os 212.700 restantes con contrato temporal. Con respecto ao trimestre anterior hai 2.800 asalariados máis con contrato temporal, o que supón un aumento do 1,3%. O número de asalariados con contrato indefinido baixou en 9.200 persoas (un 1,4% menos). No que respecta

á variación interanual, os asalariados con contrato temporal diminuíron un 9,1% e os con contrato indefinido un 1,9%.

A taxa de temporalidade, calculada como a porcentaxe de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados, se incrementa 0,5 puntos neste trimestre e chega ao 24,8%.

**Poboación asalariada segundo tipo de contrato e taxa de temporalidade. Galicia.
Segundo trimestre de 2010**

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|------------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Poboación asalariada | | | | | |
| Total | 859,2 | -6,2 | -0,7 | -33,5 | -3,8 |
| Contrato indefinido | 646,4 | -9,2 | -1,4 | -12,2 | -1,9 |
| Contrato temporal | 212,7 | 2,8 | 1,3 | -21,3 | -9,1 |
| Taxa de temporalidade | 24,8 | 0,5 | - | -1,5 | - |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Parados

No segundo trimestre de 2010 Galicia conta con 201.800 parados, 1.200 máis que no trimestre anterior. En termos relativos isto supón un incremento do 0,6%. A taxa de paro sobe 0,1 puntos e sitúase no 15,6%.

Con respecto ao segundo trimestre do ano 2009, o número de parados aumenta en 31.400 persoas (un 18,4%) e a taxa de paro 2,7 puntos.

Este trimestre o paro sobe máis entre os homes (700 parados máis) que entre as mulleres (500). O número total de homes parados é de 103.100 e o de mulleres 98.700. A taxa de paro masculina aumenta 0,1 puntos e sitúase no 14,7% e a feminina 0,1 puntos ata o 16,6%.

No tocante a variación interanual, o número de parados incrementase en 16.000 persoas entre os homes (un 18,4% máis) e 15.400 entre as mulleres (un 18,5% máis).



Poboación parada e taxas de paro segundo o sexo. Galicia. Segundo trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|-------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Poboación parada | | | | | |
| Total | 201,8 | 1,2 | 0,6 | 31,4 | 18,4 |
| Homes | 103,1 | 0,7 | 0,7 | 16,0 | 18,4 |
| Mulleres | 98,7 | 0,5 | 0,5 | 15,4 | 18,5 |
| Taxa de paro | | | | | |
| Total | 15,6 | 0,1 | - | 2,7 | - |
| Homes | 14,7 | 0,1 | - | 2,4 | - |
| Mulleres | 16,6 | 0,1 | - | 2,9 | - |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos grupos de idade, no segundo trimestre de 2010 o número de parados de 25 a 54 anos subiu en 3.400 persoas (un 2,3% máis que no primeiro trimestre de 2010). Os parados de 16 a 24 anos diminuíron en 2.600 persoas e os de 55 ou máis anos incrementáronse en 400 persoas.

Poboación parada segundo a idade. Galicia. Segundo trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|--------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Total | 201,8 | 1,2 | 0,6 | 31,4 | 18,4 |
| De 16 a 24 anos | 32,3 | -2,6 | -7,4 | -1,3 | -3,9 |
| De 25 a 54 anos | 154,3 | 3,4 | 2,3 | 29,3 | 23,4 |
| De 55 ou máis anos | 15,2 | 0,4 | 2,7 | 3,4 | 28,8 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Fogares

No segundo trimestre de 2010, o número de fogares con polo menos un activo e nos que todos os seus membros activos están parados diminúe en 700 fogares ata acadar os 60.100.

Pola súa banda, o número de fogares nos que todos os seus membros activos son ocupados baixa en 4.800. O número de fogares nesta situación é de 558.000.



Vivendas segundo a tipoloxía de actividade. Galicia. Segundo trimestre de 2010

Miles de vivendas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | |
|---------------------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Total | 1.014,3 | 0,3 | 0,0 |
| Fogares con polo menos un activo | 732,8 | -2,3 | -0,3 |
| Todos os activos son ocupados | 558,0 | -4,8 | -0,9 |
| Todos os activos son parados | 60,1 | -0,7 | -1,2 |
| Con ocupados e parados | 114,8 | 3,3 | 3,0 |
| Fogares nos que non hai ningún activo | 281,5 | 2,6 | 0,9 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Información provincial

Poboación segundo a relación coa actividade económica e taxas de actividade, ocupación e paro. Galicia e provincias. Segundo trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|-------------------------------------|----------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| Poboación de 16 ou máis anos | 2.383,2 | 980,5 | 304,3 | 288,0 | 810,4 |
| Activos | 1.295,4 | 547,0 | 159,4 | 137,0 | 452,0 |
| Ocupados | 1.093,7 | 469,5 | 141,1 | 113,9 | 369,2 |
| Parados | 201,8 | 77,5 | 18,4 | 23,0 | 82,8 |
| Inactivos | 1.087,7 | 433,5 | 144,9 | 151,0 | 358,3 |
| Taxa de actividade | 54,4 | 55,8 | 52,4 | 47,6 | 55,8 |
| Taxa de ocupación | 45,9 | 47,9 | 46,3 | 39,6 | 45,6 |
| Taxa de paro | 15,6 | 14,2 | 11,5 | 16,8 | 18,3 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

<http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&tema=1020&actividad=9&idioma=ga>

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>